



### NORMAS DE ACTUACIÓN ALUMNADO EN CASO DE EVACUACIÓN.

- Recibida a orde de evacuación, sigue as instrucións do profesorado a cargo e procede e dasaloxar ás áreas afectadas.
- No caso de emerxencia parcial, ordenarase de viva voz a evacuación da zona afectada cara a unha zona segura.
- No caso de emerxencia xeral ordenarase a evacuación completa do Centro. Neste caso activarase a alarma, escoitarás tres toques curtos de sirena repetidos a intervalos curtos de tempo.
- Conserva a calma e atende sempre as indicacións do teu profesor ou profesora.
- Realiza a evacuación de xeito ordenado. Non perdas tempo recollendo as túas pertenzas persoais.
- A saída da clase realizarase cando o indique o/a Responsable de evacuación do andar. Sairase de xeito ordenado facendo unha fila.
- En presenza de fume, cubre, se é posible, as vías respiratorias cun pano, a ser posible húmido. Se existe moito fume camiña agachado, posto que a calor e os gases de combustión ascenden.
- Se te atopas atrapada ou atrapado nun aula pecha as portas. Se é posible, tapa as fendas das portas con trapos húmidos e faite ver polas fiestras.
- Se se prenden as túas roupas non corras, tírate ao chan e roda sobre ti mesmo/a.
- Nunca volvas cara atrás.
- Nunca tomes iniciativas persoais, sigue sempre as instrucións do Responsable a cargo.
- Permanece en todo o momento xunto ao grupo.
- A evacuación realizarase cara ao punto de encontro seguindo as vías de evacuación que tes nos planos colgados na túa aula, laboratorio e/ou taller.
- Debes permanecer no punto de encontro xunto ao resto do grupo mentras se fai o relato e, ata nova orde do Xefe de Emerxencia. (*Punto de encontro. Espazos exteriores seguros situados nas pistas deportivas do Centro*).